



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2017/18 |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Socioloxía da actividade física e do deporte | | Código | 620G01015 | |
| Titulación | Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Formación básica | 6 | |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Educación Física e Deportiva | | | | |
| Coordinación | Mosquera Gonzalez, Maria Jose | Correo electrónico | maria.jose.mosquera@udc.es | | |
| Profesorado | Mosquera Gonzalez, Maria Jose | Correo electrónico | maria.jose.mosquera@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>A materia pertence ao modulo "Materias básicas da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas".</p> <p>Ten como obxectivo introducir aos alumnos no ámbito da Socioloxía do Deporte, para conquistar que sexan capaces de observar, identificar e aplicar na súa actividade profesional á perspectiva sociolóxica.</p> <p>Considerando que non existen outros créditos adicados aos coñecementos da Socioloxía Xeral, é necesario introducir de forma sintética as correntes de pensamento da Socioloxía e os conceptos fundamentais que forman parte do proceso de socialización que se da na sociedade e no deporte. Neste sentido, a primeira orientación do programa é macrosociolóxica, pero tamén se considera o individuo e as súas interaccións dende a perspectiva micro, polo tanto recolle posturas integradoras macro-micro.</p> <p>O descriptor de contido do modulo co que se relaciona a materia, que figura no documento de Grado, é o seguinte: "Bases e perspectiva sociolóxica para a análise socio-cultural da Actividade Física e o Deporte: o deporte como feito social. Cultura deportiva e proceso de socialización: cultura de modernidade e postmodernidade (valores de postmodernidade de resistencia. Postmodernidade de decadencia: violencia). A socialización deportiva en función do xénero. Estructura social da práctica físico-deportiva de ocio e tempo libre: intereses dos grupos sociais e estilos de vida. Fundamentos da recreación e do ocio".</p> | | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|---|
| A1 | Comprender os beneficios do deporte como experiencia de lecer para ser capaz de incluír os indicadores fundamentais na planificación e atender os mesmos no desenvolvemento da práctica de lecer, considerando o xénero, a idade e a discapacidade, e analizando con enfoque crítico as estratexias de discriminación positiva. |
| A2 | Comprender os procesos históricos das actividades físico-deportivas e a súa influencia na sociedade contemporánea, estudando o caso de España e Galicia, e a presenza diferenciada dos homes e das mulleres. |
| A3 | Coñecer e analizar a cultura deportiva e propoñer os cambios necesarios, na propia e na das persoas coas que traballa, desde a ética e o xogo limpo, as diferenzas de xénero e a visibilidade dos discapacitados. |
| A7 | Promover e avaliar a formación de hábitos de actividade física e deporte ao longo do ciclo vital, considerando que a idade, o xénero ou a discapacidade son variables que necesitan da intervención consciente para favorecer a igualdade de oportunidades. |
| B3 | Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B5 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán. |
| B7 | Xestionar a información. |
| B12 | Coñecer os principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional e actuar de acordo con eles. |
| B15 | Comprender e saber utilizar as importantes posibilidades que a educación física e o deporte teñen para xerar hábitos sociais e valores democráticos (coeducación de xéneros, respecto á diversidade social e cultural, cooperación, competición respectuosa, compromiso co contorno?). |
| B18 | Comprometerse e involucrarse socialmente coa súa profesión e en concreto, coa situación actual da actividade física e o deporte na educación formal; coa xestión do centro educativo; cos seus compañeiros (traballo cooperativo) e con aqueles aos que educa. |



| | |
|-----|--|
| B19 | Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|----------------|--|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Coñecer, comprender e interpretar as características das persoas e os seus contextos socioculturais, co fin de adecuar a súa intervención profesional ás mesmas, garantindo a igualdade de oportunidades no acceso á práctica físico-deportiva. | A1 A3 | B3 B5 B7 B12 B15 B18 B19 | C4 C7 |
| Comprender e interpretar as expresións do feito social deportivo en cada cultura para poder intervir nos cambios necesarios para a igualdade de oportunidades, a igualdade de xénero e garantir os principios éticos e de xogo limpio. | A1 A3 A7 | B5 B12 B15 | |
| Acadar as ferramentas necesarias para construír unha ?mente sociolóxica? sobre o deporte, entendendo éste dende a concepción postmoderna: como un sistema aberto. | A1 A3 | | |
| Coñecer as aportacións da Socioloxía do Deporte para o exercicio profesional do Licenciado en Ciencias da Actividad Física e do Deporte. | A1 A3 A7 | B3 B5 B12 B15 B19 | C4 C6 C7 |
| Elaborar unha visión do deporte como institución social, entendida como moito máis que práctica deportiva. | A1 A3 | | |
| Construír unha visión macro da sociedade e do deporte para ser capaz de comprender o mapa de relacións entre os elementos, as funcións de cada un e identificar os procesos onde o profesional da Educación Física pode e debe incidir. | A1 A3 | B5 B15 B19 | |
| Ser capaz de observar e identificar o modelo de cultura deportiva da sociedade, de cada deporte, de grupos específicos e de cada persoa en particular. | A1 A3 A7 | B5 B12 | |
| Coñecer os factores que determinan o nacemento, evolución e desenvolvemento da Socioloxía e a súa vinculación coa sociedade industrial | A2 | | |
| Coñecer as ideas principais dos sociólogos clásicos: Comte, Durkheim, Weber e Marx, así como a aplicación das súas ideas ao ámbito do deporte. | A3 | | |
| Comprender que o nacemento do Deporte Moderno é un fenómeno ?paralelo? ao nacemento da Socioloxía, e detectar as influencias que reciben da revolución industrial. | A2 | | |
| Expoñer as principais correntes de pensamento da Socioloxía e a súa aplicación ao mundo do deporte. | A2 | | |
| Comprender os antecedentes, nacemento e desenvolvemento da Socioloxía do Deporte a nivel nacional e internacional. | A3 | | |
| Coñecer e diferenciar a cultura deportiva na modernidade e na postmodernidade, e a orientación de decadencia e de resistencia. Saber intervir para transmitir unha cultura de postmodernidade de resistencia | A1 A3 A7 | B3 B5 B12 B15 B19 | C7 |
| Comprender as consecuencias da cultura deportiva da postmodernidade de decadencia nas situacións de violencia e acoso escolar a alumnos e profesores. | A3 A7 | B5 B12 B15 | |



| | | | |
|--|----------------|-------------------------|--|
| Comprender os procesos de construción da cultura de xénero e a súa influencia nas maneiras de relacionarse e comportarse no deporte homes e mulleres. Saber intervir para modificar os modelos tradicionais de xénero | A1 A3 A7 | B5 B12 B15 | |
| Coñecer, e controlar na intervención profesional, as variables socio-demográficas que determinan a práctica deportiva da sociedade española, a súa evolución e cambios, que xeneran o paso de un sistema pechado (moderno) a un sistema aberto (postmodernos). | A1 A3 A7 | B5 B12 B15 B19 | |
| Comprender a relación prácticadeportiva-estilos de vida. | | | |
| Coñecer o significado e principios da recreación deportiva para diseñar unha intervención máis recreativa que deportivizada. | A1 A3 A7 | B5 B12 B19 | |
| Coñecer, saber identificar e desenvolver as características, cualidades e actitudes axeitadas propias do perfil profesional do animador deportivo. | A1 A3 A7 | B5 B19 | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| BLOQUE I. O nacemento da Socioloxía, o nacemento do Deporte Moderno: dous procesos vencellados á sociedade industrial | 1.1. Factores que determinan o nacemento da Socioloxía. 1.2. Os sociólogos clásicos. As súas ideas e a súa proxección no ámbito do deporte. 1.3. As principais correntes de pensamento en Socioloxía. |
| BLOQUE II. A sociedade e os seus conceptos. O deporte como institución. | 2.1. A sociedade e os seus conceptos: Estado, institucións, cultura, socialización, valores, normas, conciencia individual, conciencia colectiva, consenso, conflito, grupos de presión e cambio social. |
| BLOQUE III. O nacemento do Deporte Moderno. | 3.1. Introducción. modernidad histórica y analítica 3.2. O deporte e a sociedade industrial: os procesos de transformación na Inglaterra do século XIX. 3.3. Características do Deporte Moderno. |
| BLOQUE IV. Modernidade-Postmodernidade: Postmodernidade de Decadencia- Postmodernidade de Resistencia | 4.1. Modernidade-Postmodernidade. Conexións e diferencias. 4.2. O Deporte como institución social: modernidade-postmodernidade. 4.3. Sociedade Moderna-Deporte Moderno. Sociedade Postmoderna-Deporte Postmoderno. 4.4. Postmodernidade: De Decadencia e de Resistencia. 4.5. A E.F. na Postmodernidade. |
| BLOQUE V. Postmodernidade de Decadencia: violencia no deporte, acoso escolar e violencia de xénero. | 5.1. Acoso escolar. 5.2. Violencia no deporte. 5.3. Violencia de xénero: relación co deporte e a Educación Física. |
| BLOQUE VI. A socialización en función do xénero. Da modernidade á postmodernidade. | 6.1. Conceptos fundamentais: sexo, xénero, transxénero, estereotipo, etiquetas sociais, roles hexemónicos, estatus, sexismo, feminismo, machismo, micromachismo, postmachismo. 6.2. Coeducación, Escola mixta, Escola Segregada. 6.3. A igualdade de oportunidades: as Estratexias de Discriminación Positiva (EDP). 6.4. Novas masculinidades, novas feminidades. |



| | |
|---|--|
| BLOQUE VII. A estrutura social da práctica físico-deportiva como actividade de lecer e tempo libre nas sociedades de postmodernidade. | <p>7.1. A práctica deportiva en función do xénero, idade e estudos.</p> <p>7.2. Motivos da práctica deportiva</p> <p>7.3. Os deportes máis practicados e a súa frecuencia.</p> <p>A influencia da postmodernidade.</p> <p>7.3.1. O paseo como actividade física: as andainas como oferta deportiva.</p> <p>7.4. O paso de un sistema pechado a un sistema aberto: do deporte federado o deporte recreativo.</p> <p>7.5. Perfil do profesional: cultura de modernidade ou de postmodernidade.</p> |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

| Planificación | | | | |
|--|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta | B7 C6 | 2 | 5.8 | 7.8 |
| Obradoiro | A2 A1 A3 A7 B5 B12 B15 B19 C4 C7 | 20 | 36 | 56 |
| Sesión maxistral | A2 A1 A3 A7 B3 B5 B12 B15 B18 B19 C4 C6 C7 | 20 | 38 | 58 |
| Aprendizaxe servizo | A1 A3 A7 B3 B5 | 0 | 0 | 0 |
| Proba obxectiva | A2 A1 A3 A7 B3 B5 B7 B12 B15 B18 B19 C4 | 4 | 0 | 4 |
| Análise de fontes documentais | B7 C6 | 5 | 7.5 | 12.5 |
| Atención personalizada | | 10.5 | 0 | 10.5 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|--------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba mixta | <p>PROBA MIXTA.</p> <p>* Refírese ao EXAMEN FINAL. (Ver apartado de "AVALIACIÓN")</p> <p>* Ten un valor de 4 puntos.</p> |



Obradoiro

- * A través desta metodoloxía de OBRADOIRO se propoñen as "PRÁCTICAS DE AULA":
- E necesario a realización das mesmas dado que serán materia de examen e son un instrumento para comprender os contidos.
 - Xa non teñen o valor de 2 puntos como en cursos anteriores. O alumnado que acadara esta puntuación en cursos anteriores non se lle considera dado que cambiou o sistema de avaliación.
 - Motivo de eliminar o valor de 2 puntos: o alumnado se dedicaba a copiar as prácticas do curso anterior ou as facían de calquera xeito, co obxectivo de buscar a firma da profesora, pero non se realizaban en serio e con interese de aprender.
- * "RELACIÓN DE PRÁCTICAS":
- Se indica a relación de prácticas para realizar ao longo do cuatrimestre: aínda que se poden introducir modificacións en función de acontecementos, datas significativas, conferencias na Facultade, etc.
- PRACTICA 0. Identificar 2 temas de socioloxía ou de socioloxía do deporte en cada web:
- RUC (Repositorio da Universidade da Coruña): <http://ruc.udc.es/dspace/>
 - CIS (Centro de Investigaciones Sociológicas): <http://www.cis.es/cis/opencms/ES/index.html>
 - CSD (Consejo Superior de Deportes): <http://www.csd.gob.es/>
 - AEISAD (Asociación Española de Investigación Social Aplicada al Deporte): <http://www.aeisad.org/>
1. Obxectivo da Socioloxía do Deporte e da asignatura.(Concepto de cultura de Durkheim).
- 1.1. Entrevista sobre o estereotipo do profesional da E.F. (perspectiva micro e despois macro)
- Tarefa: Preguntar a 3 persoas: alumnos de secundaria, usuarios de ximnasios, alumnos de outras Facultades, traballadores de diferentes ámbitos, etc. (Perspectiva micro-macro).
 - Pregunta a realizar: ¿Qué opinión ten do profesional da E.F?: anotar opinión literal.
 - Conclusión: a través da posta en común, que se realizará na aula, das respostas recollidas polos alumnos: Concretar o estereotipo (aproximación) do profesional de E.F. e do profesorado de E.F. que ten a sociedade.
2. Exemplos de investigación (sociolóxicos) nos tres paradigmas que poderías levar a cabo como profesional da E.F. e desenvolver como TFG.
- Consultar a web da AEISAD e do CSD para recoller ideas.
 - Elixe 2 títulos das comunicacións recollidas nos libros de actas dos congresos da AEISAD ou de traballos do CSD que reflexen os temas que te gustaría traballar.
3. Maneiras de obrar, pensar e sentir dos homes. Cultura de xénero: tarefas domésticas, deporte, fútbol e relacións afectivas. (Perspectiva macro).
4. Maneiras de obrar, pensar e sentir das mulleres. Cultura de xénero: tarefas domésticas, deporte, fútbol e relacións afectivas. (Perspectiva macro)
- Para facer as prácticas 3 e 4 podes consultar a "Enquisa de Hábitos Deportivos en España" do CIS-CSD na web do CSD. para coñecer as diferencias de % de práctica en función do xénero. <http://www.csd.gob.es/>
 - Visualiza os videos e busca relacións coas prácticas 3 e 4.
- "Como una niña" <https://www.youtube.com/watch?v=ECmW5ctnTfg>
- "Rosa y azul". <https://www.youtube.com/watch?v=7hBX7YUAX2I&sns=fb>
- Sexo débil -sexo fuerte? <https://www.facebook.com/USASevens/videos/10153475837232856/?fref=nf>



- Busca en internet "Imágenes de estereotipos de genero Yang Liu". A autora sintetiza nun libro, a través de pictogramas, os estereotipos de xénero.

5. Modelos de familia da postmodernidade: de Decadencia e de Resistencia (perspectiva macro). Concretar en cada modelo a cultura deportiva que transmiten utilizando a estrutura dos indicadores que aparecen no libro de "Non violencia no deporte e na vida. Guía para nais e pais".

- Escribe un modelo nunha carilla do folio e o outro modelo na outra carilla.

5.1. Relaciona o seguinte video con: modelos de familia, socialización, cultura, normas, valores, etc.

<http://www.youtube.com/watch?v=Efc0p0GASFY>

6. Xerarquía de valores: personal, do grupo clase, do deporte e da sociedade actual. Indicar un exemplo de "maneiras de obrar" para cada valor. (Perspectiva micro-macro).

7. Xerarquía de valores dende a postmodernidade de resistencia. Indicar un exemplo de conducta para cada valor. (Perspectiva macro).

- Dividir a clase en postmodernidade de Decadencia e de Resistencia.

8. Mapa conceptual da sociedade. (Perspectiva macro)

- Aplicar o mapa da sociedade á Facultade.

- Identificar onde está o profesional da E.F., as súas funcións.

- Identificar o profesional de E.F. como axente de cambio social e como grupo de presión: ¿qué xerarquía de valores debe ter?

9. Nacemento do Deporte Moderno.

9.1. Respostar as preguntas do documento colgado en moodle sobre o libro de Mandell.

9.2. Análise macro do proceso de transformación das actividades recreativas en deportes. Identifica os ámbitos nos que interven a sociedade moderna para conseguir que as actividades recreativas se transformen en deportes. Texto Mandell.

9.3. Dos ámbitos identificados no apartado anterior, sinala os ámbitos nos que debe intervir un Tecnico Deportivo Municipal, na actualidade, para transformar un xogo popular en deporte.

9.4. Ámbitos-Variables que se poden utilizar para realizar Estratexias de Discriminación Positiva (EDP) na aula de E.F. Conexión coa práctica 26.

10. Identifica os conceptos da asignatura (mapa conceptual) que están presentes na seguinte frase e que sirven para



explicala: ?O campo de xogo é un auténtico medio educativo?. Explica a relación de cada concepto coa frase.

11.- Características do Deporte Moderno e Postmoderno. Identifica a través de guións as características de cada modelo. Despois establece as semellanzas e diferenzas.

12. Postmodernidade de decadencia ou de resistencia. Elixe unha das tendencias e elabora o mapa conceptual utilizando os indicadores-características que a definen (retomar indicadores da Practica 5). (Macro).

13. Concretar a Ética a través de frases ou instrucións que utilizarías para explicarlle o concepto o teu alumnado. Non sirven definicións académicas ou do dicionario.

14. Os "dilemas morais" como estratexia para traballar a ética e a moral. Aplica os seguintes dilemas morais a un grupo de compañeiros e resume as posturas:

- "Entrenas a un equipo e te piden que entrenes determinadas trampas".
- "Eres xogador/a e pidenche que te dopes".
- "Eres entrenador/a e ofrecenche cartos por perder un partido".

Documentos e webs para consulta da AEPSAD (Agencia Española de Protección de la Salud en el Deporte)

- "Vive sin trampas". Programa educativo

<http://www.aepsad.gob.es/aepsad/educacion/programa-vive-sin-trampas.html>

-"Contra el dopaje colabora". <http://www.aepsad.gob.es/aepsad/formulario-contacto.html>

15. Responder ao "Código da Noviolencia" como profesional da E.F. e explica os motivos de desacordo.

15.1. Relaciona o seguinte vídeo co Código da "Noviolencia"

<http://www.sport.es/es/noticias/futbol/nino-anos-separa-entrenador-arbitro-medio-partido-2390577>

16. Utiliza o "Código da Nonviolencia" como planilla de observación: dun compañeiro, profesor de E.F. entrenador, xogador, etc. Señala as frases coas que pensas que estaría de acordo e en desacordo.



17. "Código da Nonviolencia". Indica as frases coas que estás de acordo pero que non levas a cabo.

17.1. Explica o que é a "doble moral". Identifica os conceptos sociolóxicos (do mapa conceptual) que están presentes na dobre moral.

18. 1. Como profesor/a elabora unha norma para cada subcategoría do "Código da Nonviolencia".

10.2. E para cada tipo das normas explicadas no temario (Institucionais, cívico-sociais e ético-morais).

19. Acoso escolar. Programa "Vía V". Cómo evitar el acoso escolar (cap.413- parte 2- 19/11).

- Tarefa: Tomar apuntes do contido do vídeo para facer unha posta en común en clase: datos, %, conceptos, argumentos, etc.

http://www.vtelevision.es/informativos/viav/2012/11/20/0031_6_159104.htm?utm_source=buscador&utm_medium=buscador

20. GEXAFD: Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte.

<http://www.udc.es/mulleredeporte/actividades.html?language=en>

- Consulta a comunicación presentada ás II Xornadas de Innovación en xénero. Docencia e Investigación (Universidade de Vigo): "Deseño dunha estratexia educativa de xénero na Facultade de ciencias do Deporte e a E.F. da Universidade da Coruña: o GEXAFD".

- Relaciona o GEXAFD co "mapa conceptual da sociedade" explicando as funcións que desempeña.

21. Sinala frases, comentarios, actitudes, imáxes, situacións da vida cotiá que reflexen sexismo, machismo, postmachismo, micromachismo e feminismo. Na sociedade, na publicidade, no deporte (en prensa, radio ou TV) e na Facultade.

MACHISMO INVISIBLE Y MICROMACHISMO: <https://www.youtube.com/watch?t=221&v=-oLWb0021P8>

21.1. ¿Quién es machista? ¿Quién es feminista?

21.2. Violencia de xénero. Relacionar con Prácticas 3 e 4.

<https://www.facebook.com/elpais/videos/10154327390421570/?pnref=story>

Gabilondo. El País. Día Internacional de la Mujer. Explica la razón por la cual la violencia de género la desarrollan los hombres.



22. Igualdade de oportunidades dende a perspectiva do xénero. Identifica as tendencias explicadas na 'Guía de Nonviolencia para docentes' e explica os argumentos a favor/en contra de cada unha das posturas.

22.1. Visiona o vídeo da Deputación da Coruña sobre o deporte feminino e identifica os conceptos da asignatura que están presentes.

<https://www.dicoruna.es/servizos-sociais/area-igualdade/proxectos-propios/sensibilizacion-e-igualdade-xenero/2016/contra-os-elementos/>

23. Igualdade de oportunidades: 'Ellas también juegan'

<http://ellastambienjuegan.wordpress.com/about/>

<https://es-es.facebook.com/pages/Ellas-tambi%C3%A9n-juegan/184029134983885>

- ¿Pode considerarse como unha EDP?

24. 'Asociación de Hombres por la Igualdad de Género': AHIGE. <http://www.ahige.org/principiosbasicos.html>

<http://www.ahige.org/ganamosconlaigualdad.html>

<http://www.ahige.org/decalogo.html>

- Identifica nos seus principios básicos/decalogo os conceptos sociolóxicos que son propios da asignatura.

- Señala as actividades que organizan e que ti tamen poderías organizar ou nas que poderías participar como profesional da E.F.

25. Homes rompendo estereotipos de xénero no deporte.

- Identificar un deportista que racha cos estereotipos de xénero no deporte.

- Incluir os seguintes datos: datos de identificación, modalidade deportiva, traxectoria, fotografía.

<https://www.youtube.com/watch?v=Mt27UvP6x1k>

<https://www.youtube.com/watch?v=OxAWVgBL7ns>

26. Escribe unha estratexia de dicriminación positiva (EDP) dende o punto de vista do xénero para cada un dos ámbios propostos na práctica 9: espacio (dónde), tempo (cánto), actividades (a qué), xogo-reglas (cómo), materiais (con qué), mentalidade (cultura). Engadindo: linguaxe e avaliación.

27. Ventaxas/desventaxas da EDP: ¿pasar obrigatoriamente ás mulleres antes de tirar a marcar?. A Guía de nonviolencia para docentes facilita argumentos, engade outras consideracións.

28. Discute a idoneidade da seguinte estratexia: ¿Utilizar o exercicio físico como castigo no ámbito da E.F e o deporte?.

29. Explica a seguinte frase utilizando conceptos sociolóxicos: "...as pelexas e motes que se poñen son cousas de nenos, non hai que facerlles caso, hai que deixar que eles resolvan as súas cousas".

30. Significado do deporte para homes e mulleres. Modernidade ou postmodernidade. Competición ou recreación. ¿Estas diferencias as debe ter en conta o profesional da E.F. para orientar o seu traballo?

31. Características, cualidades dun bo profesional: profesor de E.F ou entrenador-monitor. Concretar a partir dos indicadores da Postmodernidades de Resistencia e engadir outros.



| | |
|-------------------------------|--|
| Sesión maxistral | <p>SESIÓN MAXISTRAL.</p> <p>Traballaranse os contidos que forman o marco teórico a través de exposicións orais con soporte audiovisuais, debates dirixidos, etc. Realizaranse para cada tema as "Prácticas de Aula" correspondentes.</p> |
| Aprendizaxe servizo | <p>Trabajo voluntario en el centro "Padre Rubinos" para personas sin techo.</p> <ul style="list-style-type: none">- Actividad: participar como ayudante-monitor/a entrenando el equipo que participa en una liga de fútbol.- La calificación del trabajo, sobre 10 puntos, hará media con la calificación final obtenida en la asignatura a través de los exámenes, siempre que esa calificación sea de aprobado. <p>Para hacer este trabajo voluntario (o cualquier otro) el alumnado debe tener la autorización de la profesora.</p> |
| Proba obxectiva | <p>Refírese os "Exámenes Parciais". Teñen un valor de 6 puntos</p> <p>Faranse tantos exames como bloques temáticos hai, aínda que cada un ten diferente valor dado que o contido de cada bloque tamen é diferente:</p> <ul style="list-style-type: none">- Bloque I: 5%- Bloque II: 10%- Bloque III: 10%- Bloque IV: 20%- Bloque V: 20%- Bloque VI: 20%- Bloque VII: 15% <p>O alumnado ten que ter todos os exames aprobados para poder presentarse na convocatoria de xuño. Si non teñen todos aprobados deben ter todos feitos e polo menos 5 aprobados dos 7 totales.</p> |
| Análise de fontes documentais | <p>Formará parte do traballo que teñan que realizar os alumnos para levar a cabo as "Prácticas de Aula". Estas tarefas poden ser tanto a consulta bibliográfica como a visualización de videos, películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|



| | |
|--|--|
| <p>Obradoiro Aprendizaxe servizo</p> | <p>O alumno realizará as "Prácticas de Aula" e as dúbidas que poda ter resolverá na aula e tamen na hora de tutoría establecida no horario.</p> <p>As outras horas de tutoría para atención personalizada serán publicadas polo centro e tamén indicaránse na porta do despacho. Estas tutorías son para tratar problemáticas persoais na materia ou resolver dúbidas dos traballos voluntarios.</p> <p>* Antes de cada examen parcial-probas obxectiva se fará una tutoría colectiva, na hora marcada no horario oficial, para responder as dúbidas da materia.</p> <p>* Como sempre se fixo, o alumnado con máis dificultades na materia para aprobar serán atendidos en tutoría individual no despacho da profesora, sempre que existan motivos obxectivos que expliquen as dificultades para aprobar.</p> <p>* Aqueles que non acuden a clase con regularidade, non toman apuntes e na aula están como meros espectadores non serán atendidos en tutorías individualizadas para explicarlles o contido. A asistencia a clase é obrigatoria.</p> <p>TITORIA EXAMEN FINAL XUNIO E XULLO</p> <p>* Unhos días antes da data do examen final da convocatoria de xunio e de xullo, convocarase una Tutoría voluntaria para resolver dúbidas do examen.</p> |
|--|--|

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |



| | | | |
|-----------------|---|---|----|
| Proba obxectiva | A2 A1 A3 A7 B3 B5 B7 B12 B15 B18 B19 C4 | <p>**Refírese os "Exames Parciais". Teñen un valor de 6 puntos.</p> <p>Faranse tantos exames como bloques temáticos hai, aínda que cada un ten diferente valor dado que o contido de cada bloque tamén é diferente:</p> <ul style="list-style-type: none">- Bloque I: 5%- Bloque II: 10%- Bloque III: 10%- Bloque IV: 20%- Bloque V: 20%- Bloque VI: 20%- Bloque VII: 15% <p>Estas Probas obxectivas realizaranse a través da plataforma de tele-formación da UDC (Moodle) na aula e durante un tempo adaptado ao número de preguntas. Polo tanto, o alumnado debe traer a aula os aparellos necesarios para poder realizar o examen.</p> <p>O alumnado ten que ter todos os exames aprobados para poder presentarse na convocatoria de xuño. Si non teñen todos aprobados deben ter todos feitos e polo menos 5 aprobados dos 7 totales realizados.</p> | 60 |
|-----------------|---|---|----|



| | | | |
|-------------|-------|--|----|
| Proba mixta | B7 C6 | <p>CONVOCATORIA DE XUNIO:</p> <ul style="list-style-type: none">- Só poden presentarse a este examen o alumnado que ten aprobados todos os exames parciais ou polo menos ten aprobados 5 parciais e tense presentado a todos.- Valor do examen final: 4 puntos sobre 10- Para aprobar o examen final hai que aprobar as tres partes do examen. Non se fará media si hai dúas partes aprobadas e unha suspensa. <p>CONVOCATORIA DE XULLO:</p> <p>** O alumnado que sigue a AVALIACION CONTINUA e non superou o examen en xuño fara de novo o examen en xullo para acadar o aprobado.</p> <ul style="list-style-type: none">- Se lle gardan as calificacións dos parciais (valor total 6 puntos).- O examen final ten un valor de 4 puntos sobre 10. <p>** O alumnado que NON fixo AVALIACIÓN CONTINUA.</p> <ul style="list-style-type: none">- O examen de xullo ten un valor do 100%.- Para aprobar deben sacar un 6 como media das tres partes do examen. Pero coa condición de que cada unha das partes do examen esté aprobada. <p>TIPOS DE PREGUNTAS EXAMEN FINAL:</p> <p>O examen consta de tres partes. Coa calificación de cada unha se fai a media para a nota final (sempre que cada unha das partes esté aprobada).</p> <p>* Proba de resposta múltiple. Consta de un test de 20-25 preguntas, cada pregunta terá 4 posible respostas que se puntúan como segue.</p> <ul style="list-style-type: none">- Cada acerto valerá 1/nº opcións verdadeiras.- Cada erro valerá -1/nº de opcións falsas. <p>* Proba de V-F: o criterio de corrección é acertos menos erros. Para aprobar esta parte hai que respostar correctamente á metade das preguntas.</p> <p>* Proba de preguntas abertas: non se desconta si as respostas son incorrectas, pero se valora a calidade da redacción e a claridade de ideas. Para aprobar esta parte hai que acadar a metade da puntuación total.</p> <p>ADVERTENCIA: Esta parte de preguntas abertas é a que máis suspende o alumnado que non fixo as prácticas en serio, que as copiou de compañeiros, que non acudiu a clase con regularidade e que non tomou apuntes do que se explica na clase.</p> | 40 |
|-------------|-------|--|----|



Obradoiro

A2 A1 A3 A7 B5 B12
B15 B19 C4 C7

O obradoiro refírese ás PRACTICAS DE AULA

Lembrase ós alumnos que na planificación da asignatura, para estas actividades se considera necesario invertir aprox. 90 horas non presenciais/traballo autónomo do alumno

1.-PRÁCTICAS DE AULA:

* EVALUACIÓN: As Prácticas de Aula se evalúan a través das preguntas que se incluírán nos exames parciais (preguntas de resposta múltiple e preguntas de V-F).

- Os exames parciais teñen un valor de 6 puntos.

- Si se suspenden os exames parciais se perde a puntuación que corresponde a ese examen.

* O OBXECTIVO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS: a precisión na resposta. Non se trata de escribir moito, se trata de buscar a mellor resposta no menor espazo posible. As prácticas sirven para traballar os conceptos da materia e para saber aplicar esos conceptos o traballo do profesional da E.F.

* EXTENSIÓN: Unha carilla de folio é o espazo máximo que deberá ocupar unha práctica, pero para algunhas será suficiente media carilla. Pode haber algunha que precisará de maior espazo, se indicará na aula.

* RELACIÓN DE PRÁCTICAS: O alumnado debe saber facer todas as prácticas realizadas na aula que están indicadas no apartado 5. "Metodoloxías" pois serán posibles preguntas do examen final (Proba mixta) e tamen dos exames parciais (Proba obxectiva).

* METODOLOXÍA DAS PRACTICAS. O alumno debe facer as practicas na casa, como entreno para os exames parciais e para o examen final do cuatrimestre.

- Na clase de grupo reducido o alumno debe preguntar as dúbidas.

- As "Titorías da asignatura" se planifican especialmente para resolver as dúbidas das "Prácticas" antes do examen, aínda que tamen as dos contidos de cada bloque.

OBXECTIVOS XERAIS das PRÁCTICAS.

* Que o alumno comence a comprender e a estudar e a aplicar o contido da materia dende os primeiros días de clase.

* Ser capaz de facer reflexións e elaboracións conceptuais propias a partir dos contidos. Non se trata de memorizar para facer os exames. Non se trata de copiar o que aparece nos materiais da asignatura para elaborar respostas para as prácticas. Non se trata de copiar as prácticas feitas polos compañeiros do ano anterior.

* Traballar a síntesis e a elaboración propia nas respostas das prácticas, de cara ao examen parcial e final.



* Ser capaz de aplicar os coñecementos ó traballo do profesional da E.F.

0



| | | | |
|---------------------|----------------|---|---|
| Aprendizaxe servizo | A1 A3 A7 B3 B5 | <p>Traballo voluntario no centro "Padre Rubinos" para persoas sin teito.</p> <p>- Actividade: participar como axudante-monitor/a entrenando o equipo que participa nunha liga de fútbol.</p> <p>- A calificación do traballo, sobre 10 puntos, fará media coa calificación final obtida na asignatura a través dos exames, sempre que esa calificación sexa de aprobado.</p> <p>Non se indica neste apartado o valor na avaliación pois é un traballo voluntario.</p> <p>Para facer este traballo voluntario (ou calquera outro) o alumnado debe ter a autorización da profesora.</p> <p>Outros temas para TRABALLOS VOLUNTARIOS: aplicar os conceptos da asignatura a un partido (espectadore-xogadoras), club-equipo, facer entrevistas a persoas do colectivo LGTBIQ, etc.</p> | 0 |
|---------------------|----------------|---|---|

Observacións avaliación



1.- AVALIACIÓN DA ASIGNATURA: REALIZASE SOBRE 10 PUNTOS. O EXAMEN FINAL VALE 4 PUNTOS, E OS EXAMENES PARCIAIS VALEN 6 PUNTOS

*A PROBA MIXTA-EXAMEN FINAL CUATRIMESTRE: TEN UN VALOR DE 4 PUNTOS- Para poder presentarse na convocatoria de xuño é preciso ter feita a avaliación continua, coas condicións que se indican no apartado de Avaliación. - PARA APROBAR O EXAMEN É NECESARIO TER APROBADAS AS TRES PARTES DO EXAMEN. Con algunha parte do examen suspensa non se fará media para poñer a nota final. 2.-

TRABALLOS VOLUNTARIOS. A).-- Experiencia de Aprendizaxe e Servizo: Participación na experiencia do albergue "Padre Rubinos" para persoas sin teito organizada pola Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) da UDC. Os asistentes ao albergue participan nunha liga de fútbol formada por outras entidades que tamen traballan con persoas en risco de exclusión social: Cruz Vermella, Equus Cebra, etc.

- Ofrécese a dous alumnos a posibilidade de participar o como axudante do entrenador.

- O traballo voluntario consistirá en identificar os conceptos da asignatura na experiencia na que participan. B).-- O alumnado que esté entrenando equipos ou levando actividades extraescolares pode organizar unha entrevista en grupo para falar sobre os conceptos de sexismo, machismo, feminismo, etc.

- Debe grabar a entrevista debate e despois transcribila.

- A continuación debe identificar en ese texto os conceptos da asignatura. C).-- Os sonidos do deporte": grabar o sonido dun entrenamiento, dunha actividade nun gimnasio, nas gradas dun partido, etc.

- Transcribir a grabación.

- Identificar os conceptos da asignatura. VALOR DO TRABALLO VOLUNTARIO.

- A calificación do traballo fará media coa nota acadada na materia (examen final + parciais). É necesario ter aprobada a materia para facer media. 3.- OS ALUMNOS SUSPENSOS DO CURSO 2016-2017 AINDA QUE TEÑAN PUNTUACIÓN DE PRACTICAS E EXAMENES PARCIAIS NON SE LLES GARDAN AS PUNTUACIÓNS PARA O CURSO 2017-2018 POSTO QUE EMPEZAMOS UN NOVO SISTEMA DE AVALIACIÓN. 4.- INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO SUSPENSO NO 2017-18, - OS QUE NON TEÑEN APROBADAS AS 3 PARTES DO EXAMEN FINAL. A calificación que lles aparecerá na acta será a puntuación máis baixa acadada na parte do examen FINAL que está suspensa, dado que esa parte é a que determina o suspenso.

5.- CALIFICACIÓN DE XUÑO E XULLO

- Si un alumno está suspenso en xuño, e en xullo ten NP no seu expediente constará como SUSPENSO. 6.- IDIOMA DO EXAMEN.

O examen final farase en castelán, si algun desexa facer o examen en galego deben notificalo con una semana de antelación enviando un correo a profesora. 7.- ALUMNADO CON MATRICULA PARCIAL.

Deben falar coa profesora a principio de curso para atender os casos individualmente. 8.- ALUMNADO CON DIVERSIDADE FUNCIONAL. Deben poñerse en contacto coa profesora para buscar solucións axeitadas a cada situación.



Bibliografía básica

- Aldaz, J. et al. (2013). Responsabilidad social. Ética y deporte.. Madrid: Ibersaf Industrial-AEISAD
- ALFARO GANDARILLAS, Élida.; BENGOCHE BARTOLOMÉ, Mercedes; VÁZQUEZ GÓMEZ, Benilde (2011). Hablamos de Deporte: en femenino y en masculino. . Madrid: Consejo Superior de Deporte
- Arce, C. y De Francisco, C. (2008). A realidade da práctica deportiva en Galicia. . Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela-Consellería de Cultura e Deporte. Xunt
- Ballesteros (1989). Postmodernidad: decadencia o resistencia. Madrid, Tecnos
- Fundación Real Madrid (2011). Por una educación real. Valores y Deporte. La alineación de los valores. Cuaderno del alumnado. Cuaderno del profesorado. . Madrid: Ediciones Gráficas Fundación Real Madrid
- Elías, N. y Dunning, E (1986). Deporte y ocio en el proceso de civilización. Madrid: FCE
- García Ferrando, M. (2006). "Veinticinco años de análisis de comportamiento deportivo de la población española (1980-2005)". Revista Internacional de Sociología nº 44, mayo-agosto, pp15-38
- Gambau i Pinasa, V. et al. (2008). Comunicación y deporte. Madrid: Librerías Deportivas Esteban Sanz-AEISAD
- García Ferrando, M. (Coord) (1993). Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de sociología. Valencia: Tirant lo Blanch
- García Ferrando, M.; Puiz Barata, N. y Lagardera Otero, F. (Comp) (2009). Sociología del Deporte. Madrid: Alianza Editorial. 3ª edición
- García Ferrando, M. (2006). Postmodernidad y deporte. Entre la individualización y la masificación. Encuesta sobre hábitos deportivos de los españoles 2005. . Madrid: Consejo Superior de Deportes-Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Giner, S., Lamo de Espinosa, E. y Torres, C. (Eds) (1998)). Diccionario de Sociología. Madrid: Alianza Editorial
- Inglehart, R (1998). Modernización y posmodernización. El cambio cultural, económico y político en 43 sociedades. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas
- Latiesa Rodríguez, M. et al. (2001). Deporte y cambio social en el umbral del siglo XXI. Madrid: Librerías Deportivas Esteban Sanz-AEISAD
- López Villar, C. y Fernández Villarino, Mª A. (2008). A realidade físico deportiva das mulleres en Galicia. A Coruña: Xunta de Galicia
- Martínez del Castillo, J. (Comp) (1998). Deporte y calidad de vida. Madrid: Librerías Deportivas Esteban Sanz-AEISAD
- Mosquera, Mª J. y Puig, N. (2003). "Sociología de la actividad física y el deporte en España" en Dosil, J. (ED): Ciencias de la actividad física y del deporte. . Madrid: Síntesis
- Moscoso Sánchez, D. (2006). "La sociología del deporte en España. Estado de la cuestión". Revista de Sociología, nº 44, pp 177-221
- Martín Horcajo, M. (2006). "Contribución del feminismo de la diferencia sexual a los análisis de género en el deporte". . Revista de Sociología nº 44, pp. 11-131
- Mosquera, Mª J.; Gambau, V; Sánchez, R. y Pujadas, X. (Comp) (2003). Deporte y postmodernidad. Madrid: Librerías deportivas Esteban Sanz_AEISAD. nº 6
- Mandell, R. (1986). Historia cultural del deporte. Barcelona: Bellaterra.
- Mosquera, González, Mª J. et al. (2003). Deporte y Postmodernidad. Madrid: Librerías Deportivas Esteban Sanz-AEISAD
- Mosquera, Mª J. y Puig, N (2003). "Sociología de la actividad física y el deporte en España" en Dosil (Coord): Ciencias de la Actividad Física y el Deporte. Madrid: Síntesis
- Mosquera González, Mª J. (2004). No violencia en el deporte y en la vida. Guía para docentes y personas interesadas. Guía para madres y padres y Guía para escolares y personas curiosas.. A Coruña: Dirección Xeral para o Deporte, Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.
- Mosquera González, Mª J. (2012). I, II, III e IV Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte 2009-2010. A Coruña: Universidade da Coruña <http://ruc.udc.es/handle/2183/9053>
- Mosquera, Mª J. y Rodicio, Mª L (2013). ¿Hábitos deportivos de los estudiantes de la Facultad de Ciencias del Deporte y la Educación Física de la Universidad da Coruña (1992-2012): la influencia de los cambios de la sociedad española?. XI C. Madrid. Disponible en: <http://www.fes-web.org/uploads/files/modules/congress/11/papers/1842.doc>.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Emilia (2010). Guía PAFIC para la promoción de la actividad física en chicas.. Consejo



- Superior de Deportes- Ministerio de Igualdad. Instituto de la mujer-Consejo Superior de Depo
- Mosquera González, M^a J. (2014). ¿Las mujeres no hacen deporte porque no quieren? ¿Los hombres practican el deporte que quieren? El género como variable de análisis de la práctica deportiva de las mujeres y de los hombres. en Mosquer. A Coruña: Universidade da Coruña.<http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13594>
 - Monteagudo, M^a J. y Puig, N. (Ed) (2004). Ocio y deporte. Un análisis multidisciplinar. Universidad de Deusto: Instituto de Estudios de Ocio
 - Picó, J. (1999). Cultura y modernidad. Seducciones y desengaños de la cultura moderna. . Madrid: Alianza Editorial
 - Ritzer, G (1993). Teoría sociológica clásica. Madrid: McGraw-Hill
 - Ritzer, G. (1993). Teoría sociológica contemporánea. Masdrid: McGraw-Hill
 - Sanmartín, J. (Coord) (2004). El laberinto de la violencia. Causas, tipos y efectos.. Barcelona: Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia_Ariel
 - Sánchez Martín (2011). Transformación deportiva: nuevos hábitos ciudadanos y posmodernidad urbana, 1982-2010" en Pujadas, X. (coord.): Atletas y ciudadanos. Historia social del deporte en España. . Madrid: Alianza Editorial
 - Vilanova, A. et al. (2009). Deporte, salud y medio ambiente. Madrid: Librerías Deportivas Esteban Sanz-AEISAD
 - Llopis Goig, R. (Dir) (2014). Crisis, cambio social y deporte. XIII Congreso Internacional AEISAD. Nau LLibres.
 - Piedra de la Cuadra, J (2015). Masculinidades en E.F. El nuestro es un deporte de machos. . <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/15518>
 - Soler, Sussana (2015). Estrategias de promoción del deporte femenino. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/15519>
 - Morales Caneiro, R. (2014). Estrategias coeducativas en el aula formal de E.F. Una experiencia práctica. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13592>
 - Vázquez Pardo, R. (). Participación masculina en deportes tradicionales femeninos: o caso da ximnasia rítmicas: . <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13591>
 - (). .
 - Castillo, M y Palacios, J. (2014). El socorrismo desde el punto de vista del género.. <http://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/13593>
 - Mosquera, M^a J. y Puig, N. (2009). Género y edad en el deporte. Madrid: Alianza Editorial
 - Piedra de la Cuadra, J (2016). Deporte y género. Manual de iniciación. Barcelona: Inde
 - García Ferrando, M; Puig, N.; Lagardera, F.; Llopis, R.y Vilanova, A. (2017). Sociología del Deporte. Madrid: Alianza. 4^a edición
- En moodle estará a disposición a bibliografía complementaria



| |
|-----------------------------|
| Bibliografía complementaria |
|-----------------------------|

| |
|-----------------------|
| Recomendacións |
|-----------------------|

| |
|--|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
|--|

| |
|---|
| Pedagogía da actividade física e do deporte/620G01001 Teoría e historia da actividade física e do deporte/620G01003 Xogos e recreación deportiva/620G01005 Psicoloxía da actividade física e do deporte/620G01011 Metodoloxía de investigación en actividade física e deporte/620G01021 |
|---|

| |
|---|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
|---|

| |
|--|
| Psicoloxía da actividade física e do deporte/620G01011 |
|--|

| |
|---|
| Materias que continúan o temario |
|---|

| |
|--|
| Pedagogía da actividade física e do deporte/620G01001 Teoría e historia da actividade física e do deporte/620G01003 |
|--|

| |
|---------------------|
| Observacións |
|---------------------|



CONSIDERACIÓNS PREVIAS DE ESPECIAL RELEVANCIA para o alumnado*** O temario vai desenvolverse a través de diferentes tipos de clases e de recursos: clases maxistras, debates, prácticas de aula, lectura de artigos e libros, etc., polo tanto, todos os contidos, ideas, preguntas, etc. que se abordan na aula se consideran materia de examen.*** Os esquemas que se utilizarán na aula para explicar os diferentes contidos do temario non se poden entender como ?os apuntes oficiais? a través dos cales estudar o examen. Os esquemas son un guión para ordear as ideas, unha síntese do contido de cada bloque temático.

*** Como recurso, os esquemas axudan a que o alumno centre a súa atención e, dado que están dispoñibles en moodle, evitan que este teña que tomar apuntes de todo o explicado, facilitando que poda centrarse en comprender as explicacións e realizar as anotacións aclaratorias ao contido que nelas se reflexa.*** Pero nos esquemas non se inclúen as explicacións de todos os conceptos, matices, exemplos que se realizan en clase, as comparacións entre conceptos, os comentarios sobre as referencias bibliográficas, etc. Estas cuestións debe incorporalas o alumnado e tomar nota delas para elaborar os seus propios apuntes, do contrario terá unha información incompleta da materia de examen.*** Resulta fundamental para a comprensión do contido da asignatura que o alumnado asista as clases con regularidade e manexa e organice os materiais. Ao longo do cuatrimestre se traballará na aula para construír un ?pensamento sociolóxico sobre o deporte?, unha ?visión cultural do deporte?, e os alumnos que non asisten a clase non adicaron o tempo necesario para entrenarse neste proceso. Esta carencia percíbese de maneira especial nos resultados do examen.

*** Por outra parte, si o alumnado que non asiste a clase estudia polos apuntes doutros compañeiros, non están estudando o contido que se ten impartido na aula, estudian o que outros compañeiros ?entenderon que se ten explicado?. Hai erros semellantes que se detectan nos exames, nalgúns casos máis de 15 alumnos teñen o mesmo erro.

*** O temario explicárase recurrido a exemplos dos diferentes deportes e protagonistas deportivos, sen embargo se tratará como tema transversal a violencia no deporte e o xénero.

*** Recomendase a seguinte estratexia para favorecer a comprensión da materia: Que o alumnado traslade o explicado na aula ao seu deporte, de maneira que entenda a relación e presenza de cada concepto dunha forma práctica, aplicada á súa vida cotiá deportiva. Si este proceso desenrola desde o principio de curso vai comprender mellor os contidos e estará mellor preparado para o tipo de reflexións que se plantearán no examen.*** RECOMENDACIÓNS PARA OS ALUMNADO QUE XA CURSOU A ASIGNATURA.

*** Percebeuse que algúns alumnos que xa cursaron a asignatura en anos anteriores confíanse e se relaxan nas súas esixencias. Os conceptos xa lles resultan familiares e non os traballan o suficiente. O resultado é que non acadan o nivel de precisión esixido.*** SOBRE A ASISTENCIA A CLASE E O TRABALLO NA AULA*** Resulta sorprendente ter que falar destes temas, pero a experiencia de anos atrás nos leva a recordarlle o alumnado que asistir a clase implica unha actitude de traballo, de toma de apuntes, de seguimento da materia, etc. Polo tanto é imprescindible estar en silencio durante as intervencións da profesora ou de outros compañeiros que fan preguntas: os debates en paralelo non teñen cabida, si algun alumno ten ideas que expor debe facelo para todos.*** Tamen se recorda que para opinar é preciso ter coñecementos e información, e ademais é bo ser prudente e reflexivo. Os debates da aula non deben semellarse a algúns "debates televisivos" que carecen de datos, orden e respecto e nunca chegan a conclusións. Cada sesión de clase ten unhas obxectivos, polo tanto é preciso orden, escoita e pensamento para poder acadalos.

*** O traballo na aula é unha OBRIGA para o alumnado e tamén un DEREITO. Polo tanto, aqueles que impidan que outros compañeiros/as acaden este dereito e eles non cumpran coa obriga de traballar na aula, despois de lembrarlles esta cuestión se lles pedirá que non acudan a clase para non interferir non dereitos das demais persoas.*** SOBRE CONDICIÓNS DURANTE A REALIZACIÓN DE EXAMENES.*** Recomendase revisar a normativa da UDC, "Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario". artigo 14. Non se permite o uso de móbiles. A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria da materia.*** SOBRE COPIAS EN EXAMENES, PRÁCTICAS O TRABALLOS.

*** Recomendase revisar a normativa da UDC, artigo 14. O plaxio poderá ser considerado causa de suspenso na actividade.

OBSERVACIÓNS SOBRE OS RESULTADOS DOS EXAMENES

*** Hai alumnado que non estudian os documentos da asignatura, só resúmenes que "circulan": por este motivo detectanse erros semellantes nos exames, as mesmas respostas mal elaboradas.

*** Hai alumnos que non fan as prácticas que as copian ou estudian por "prácticas que están circulando": hai erros que se reproducen nos exames. Por outra parte, si hai a mesma resposta en varios alumnos hai o risco de que pode entenderse como "copia no examen". (Ver normativa)



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías